



ANEXO III

Ref. convocatoria: 2024/CP/279

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: ED431F 2024/25		
Título: PROY. PI TRAYECTORIA EXCELENTE2024 Fernández Bessa, Cristina		
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Seguridade y convivencia nas cidades medias		
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/01/2024	FIN: 20/11/2027
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Dereito		
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas dos proxectos da liña de investigación sobre seguridade y convivencia nas cidades medias ("Eficacia normativa y gobierno de la convivencia en las ciudades medias- ConviMedias" y "Transformación de la Seguridad urbana y la convivencia en las Ciudades Medias-TranSMedias). Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.		
LUGAR E HORARIO: Facultade de Dereito. Luns e mercores, de 18:30 a 20:30h; martes, xoves y venres, de 16:00 a 20:30 horas		
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1		
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)		
Investigador/a asociado/a ☐ Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG		
Técnico/a de apoio á investigación ☒ Axudante de apoio á investigación ☐		
Técnico/a administrativo/a ☐ Axudante administrativo/a ☐		
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒ DATA APROX. INICIO CONTRATO: 1/01/2025
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐
		DATA FIN CONTRATO:
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 1.100,17 €/mes*		
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599 541A 6490206		

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Cristina Fernández Bessa (PR-RC, presidenta), Patricia Faraldo Cabana (CAT-UN, secretaria); Xulio Ferreiro Baamonde (TIT-UN); José Ángel Brandariz (TIT-UN, Suplente); David Soto Díaz (AXU-DR, suplente); Keina Espiñeira (AXU-DR, suplente).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	i7LfTmJwbXTaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	23/10/2024 17:21:42
Observacións	IP	Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i7LfTmJwbXTaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

galicia

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	23/10/2024 17:21:42
Observacións	IP	Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 23 de outubro de 2024

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Cristina Fernández Bessa

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	23/10/2024 17:21:42
Observacións	IP	Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

BASES DA CONVOCATORIA:

Contrato dun/a técnico de apoio á investigación, con cargo ao programa de consolidación de unidades de investigación competitivas da SUG-Proxectos de excelencia 2024.

Ref.: ED431F 2024/25

IP: Cristina Fernández Bessa

DESCRICIÓN DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN:

A liña de investigación "Seguridade urbana e convivencia nas cidades medias", integrada no grupo de investigación ECRIM, analiza as políticas públicas de seguridade urbana e convivencia, a normativa que as desenvolve e o impacto da súa aplicación, tendo en conta aspectos de xénero e interseccionais, coa finalidade de propor modelos teórico-prácticos para a mellora da gobernanza da seguridade urbana e a convivencia nos municipios medios. Esta liña de investigación desenvolve dous proxectos de investigación financiados: o proxecto "Eficacia normativa e goberno da convivencia nas cidades medias" -ConviMedidas- (ED431F 2024/025) financiado pola liña de reforzo a traxectorias emerxentes da convocatoria de Axudas do Programa de Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas da Xunta de Galicia (Ano 2024) e o proxecto "Transformación da Seguridade urbana e a convivencia nas cidades Medias"- TransSMedias- (PID2023-146059NA-I00), financiado pola convocatoria Proxectos de Xeración de Coñecemento 2023 (I+D) da Axencia Estatal de Investigación. Ambos proxectos iniciáronse en 2024 e finalizarán en 2027 e están compostos por equipos de investigación multidisciplinares integrados por un total de 25 investigadores e investigadoras da Universidade da Coruña e de varias universidades españolas, que van desenvolver unha investigación comparativa nunha serie de cidades españolas de tamaño medio (entre 100.000 e 350.000 habitantes). A metodoloxía adoptada é de carácter mixto, aproveitando enfoques xurídicos, político-criminais, criminolóxicos e sociolóxicos (con metodoloxías cualitativas e cuantitativas) para obter unha comprensión ampla e multidimensional do obxecto de estudo.

TAREFAS A REALIZAR:

O/a técnico/a de apoio á investigación contratado/a integrárase ao grupo de investigación ECRIM e realizará as seguintes tarefas en colaboración co equipo de investigación dos proxectos:

- Apoio técnico no desenvolvemento das tarefas de investigación dos proxectos (elaboración de documentos de traballo, recompilación e análise bibliográfica, participación na preparación de artigos académicos e relatorios).
- Apoio no traballo de campo (participación no deseño dos instrumentos de investigación, recolección de datos, análises de datos cuantitativos e cualitativos).
- Axuda nas tarefas de coordinación dos proxectos (participación nas reunións do proxecto, colaboración na coordinación, na organización de actividades académicas).

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa			Asinado	23/10/2024 17:21:42
Observacións	IP			Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				





- Apoio á transferencia e difusión de resultados e á coordinación do plan de comunicación (colaboración na organización de actividades de difusión social, a presentación pública de resultados e artigos de difusión, na preparación e execución da estratexia de comunicación, incluída a xestión da páxina web e as redes sociais).

DURACIÓN DO CONTRATO: 32 meses

REQUISITOS DAS/VOS CANDIDATOS/AS:

- Titulación universitaria de licenciatura ou grao nalgũa titulación do ámbito das Ciencias xurídicas ou as Ciencias Sociais.

MÉRITOS:

- Licenciatura/grao en dereito, criminoloxía ou estudos de seguridade, ciencias políticas ou socioloxía.
- Experiencia en investigación e transferencia no ámbito da criminoloxía, os estudos de seguridade ou a investigación social.
- Formación e/ou experiencia no ámbito das políticas de seguridade, cuestións de xénero e interseccionalidade, análise de datos e comunicación social.
- Coñecemento de galego e inglés.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:

BLOQUE 1. TITULACIÓN ACADÉMICA E FORMACIÓN. Máximo 20 puntos.

- Grao ou licenciatura en dereito, criminoloxía ou estudos de seguridade, ciencias políticas ou socioloxía: 5 puntos por título.
- Grao ou licenciatura en disciplina afín: 2 puntos por título.
- Doutoramento no ámbito das ciencias xurídicas ou sociais: finalizado: 6 puntos. En curso: 3 puntos.
- Títulos oficiais de posgrao no ámbito das ciencias xurídicas ou sociais: 3 punto por título.
- Títulos non oficiais adicionais nos campos académicos da liña de investigación (criminoloxía, dereito penal, dereito procesual penal, dereito administrativo, penoloxía, política criminal, socioloxía do control, estudos de xénero, estudos sobre seguridade, técnicas de investigación social) ou formación complementaria en relación coas tarefas a realizar (análises de datos, deseño ou xestión de páxinas web, xestión de proxectos ou comunicación social): 1 punto por título.

BLOQUE 2. EXPERIENCIA EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA NO ÁMBITO DO DEREITO, A CRIMINOLOGÍA Ou As CIENCIAS SOCIAIS. Máximo 25 puntos.

- Participación en proxectos de investigación financiados sobre temáticas relacionadas coa liña de investigación: 0,5 puntos por mes.
- Participación noutros proxectos de investigación financiados: 0,25 puntos por mes.
- Publicacións académicas en revistas indexadas sobre temas relacionados co proxecto: 0,8 puntos por publicación
- Outras publicacións: 0,5 puntos por publicación

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	17LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	23/10/2024 17:21:42
Observacións	IP	Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/17LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Presentacións en congresos: 0,3 puntos por presentación
- Organización de actos académicos (seminarios, conferencias, congresos): 0,20 por acto

BLOQUE 3. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 20 puntos.

- Experiencia profesional acreditada no ámbito das políticas de seguridade ou da investigación social (cuantitativa ou cualitativa): 2 puntos por ano
- Experiencia profesional ou acreditable no ámbito das cuestións de xénero: 1 punto por ano
- Experiencia profesional ou acreditable no ámbito da comunicación social (xestión de páxinas web, de blogs, redes sociais, etc.): 0.5 puntos por ano.

BLOQUE 4. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS. Máximo 10 puntos.

- Coñecemento de galego: CELGA 4 ou superior: 5 puntos
- Coñecemento de inglés: B2 = 2.5 puntos; C1 ou superior= 5 puntos

BLOQUE 4. ENTREVISTA. Máximo 25 puntos.

- Levarase a cabo unha entrevista coas 3 persoas candidatas con maior puntuación, sempre que haxa unha diferenza inferior a 25 puntos entre elas.

Con base no cumprimento dos requisitos e a valoración dos méritos establecerase unha orde priorizada das persoas candidatas. Será adxudicataria a persoa candidata con maior puntuación. Co resto das persoas candidatas, que cheguen a un mínimo de 10 puntos no bloque 1, confeccionarase unha lista de espera que se empregará para a contratación, exclusivamente para esta praza, no caso de renuncia, cesamento ou baixa por incapacidade temporal da persoa seleccionada.

CANDIDATURAS:

As persoas solicitantes deben describir todas as súas cualificacións e méritos mencionados nesta convocatoria. As solicitudes deben estruturarse seguindo o esquema e os conceptos de avaliación que se presentan a continuación. Todas as cualificacións deben especificarse, facendo referencia ás tarefas realizadas en postos anteriores e á duración destes postos académicos. Presentar os méritos sen seguir o esquema e os conceptos de avaliación que se presentan a continuación é motivo de exclusión da convocatoria.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==		
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Estado	Data e hora
Observacións	IP	Asinado	23/10/2024 17:21:42
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i7LfTmJWbXTaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

